

Valadouro, O

Arciprestado da diocese, continuador da antiga demarcación do deádego da Mariña. Coma aquel, aglutinaba un territorio que permaneceu inalterado durante toda a vida do arciprestado, conformado polas parroquias dos actuais concellos de Alfoz e O Valadouro. Canda estas freguesías, e consonte o momento, completaban o seu espazo outras dos concellos de Mondoñedo e Foz.

Así, en 1960 non figuraba adscrita a este arciprestado ningunha parroquia focense, mais si dúas mindonienses, Oirán e Figueiras. No caso da primeira, a súa vinculación a esta demarcación mantívose trala reordenación levada a cabo en 1988 polo bispo Gea Escolano e permanecía aínda formando parte do arciprestado a mediados da década dos 90. Pola contra, nese ano 1988 adscribíronse outra volta a este arciprestado dúas parroquias do concello de Foz: Cordido e Santo Acisclo do Valadouro.

Esta división eclesiástica extinguiuse en xuño de 2006 e as súas parroquias pasaron a engrosar o arciprestado de Mondoñedo.